

## III XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

5 de FEBREIRO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo coa colaboración dos clubs da cidade co **patrocinio da Deputación de Lugo e a colaboración do Concello de Lugo**, organiza a 3ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 5 de febreiro de 2022, en xornada de mañá** no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

### REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que cumpran as seguintes condicións:

- Atletas con ficha pola F.G.A. ó longo da tempada actual (2022) que pertencen a clubs galegos ou de outras CC.AA dende as categorías sub-16 en adiante.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

### Art. 3. HORARIO DEFINITIVO

HOMES	HORA	MULLERES
<b>HORARIO MAÑANA</b>		
LANZAMENTO PESO	11:00	SALTO DE LONXITUDE
Semifinais - 60 mv (0.91)	11:10	Semifinais - 60 mv (0.76)
Semifinais - 60 mv (0.91-0.99-1.06)	11:20	Semifinais - 60 mv (0.84)
	11:35	Semifinais - 60ml
	12:00	LANZAMENTO PESO
Semifinais - 60ml	12:05	
SALTO DE LONXITUDE	12:10	
	12:40	Final - 60mv
Final - 60mv	12:50	
SALTO ALTURA	13:00	SALTO ALTURA
		Finais A-B- 60ml
TRIPLE SALTO	13:10	TRIPLE SALTO
Finais A-B- 60ml		
	13:45	200 ml
200 ml	13:50	

**Art. 4. PARTICIPACIÓN:** Terán prioridade na inscrición os atletas lucenses sobre os foráneos. **En todo caso será a organización a responsable de admitir ou rexeitar aos atletas.**

**Art. 5. Nas probas de velocidade indicárase a mellor marca.** As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 6. Participantes, cadencia e tentativas:**

PROBA	Nº	TENTATIVAS OU CADENCIA
LANZ PESO (sub 16 -abs)	14	4 tentativas + 2 mellora para 3 primeiros
SALTO ALTURA (sub 16-abs)	6+6	1.20-1.30-1.37-1.42-1.47.....70-73-76.....
TRIPLE SALTO (sub 16-abs)	6+6	4 tentativas + 2 para 2 primeiros   Táboa 8-11-13m
SALTO LONXITUDE (sub 16-abs)	14	4 tentativas + 2 para 3 primeiros   Táboa 3m

**Art. 7.** Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso unha vez ensinen o certificado de vacinación e deberán abandonar a instalación (módulo), á maior brevidade posible.

**Art. 8.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta inscrito non participa finalmente na proba a sanción será de 5€ e non poderá participar na seguinte competición organizada nesta Delegación.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 13:59h darán lugar á tramitación da correspondente sanción segundo a normativa xeral da FGA (3€) agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

**Art. 9.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 alfinetes para a colocación do dorsal.

**Art. 10.** O **aceso á instalación será restrinxido**, non estando permitido o aceso de público ao módulo. A organización acreditará a 1 adestrador por cada 10 atletas que presente cada clube participante; deberán cubrir o formulario habilitado ao efecto no sitio web <https://www.atletismo.gal>. No módulo será obrigatorio permanecer coa mascarilla posta.

**Art. 11.** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art. 12.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 31 de xaneiro de 2022

O Delegado en Lugo da F.G.A.

**PATROCINA:**



**ORGANIZA:**



**COLABORA:**

